

POLO CAMIÑO

Texto e ilustracións de MARIANA RUIZ JOHNSON

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Libro de cartón a cor. 19 x 19 cm. 26 páx. 11 €

Polo camiño (galego)

ISBN 978-84-8464-297-8. Acartonados. Prelectores.

Por el camino (castelán)

ISBN 978-84-8464-296-1. Acartonados. Prelectores

Enfilant el caminet (català)

ISBN 978-84-16804-09-2. Cartró. Pre-lectors.

Bidean zehar (euskara)

ISBN 978-84-9172-088-1. Kartoizko orriak.

Lungo il cammino (italiano)


ISBN 978-88-95933-74-0. Cartonati. Prelettori.

*Andando polo camiño,
con cacahuetes e uvas,
xa chega mamá elefanta
xunto á elefantiña: UNHA ...*

«Polo camiño» é un poema-canción infantil que desprende ledicia, ritmo e musicalidade. Está protagonizado por distintos animais -dende elefantes a ratos, gatos e osos- que marchan ao ritmo destes versos octosílabos, marcando unha progresión numérica. Así, do 1 ao 10 vanse enumerando personaxes ata chegar a un sorprendente e festivo destino.

Logo de «Mamá», a obra coa que Mariana Ruiz Johnson gañou o VI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, «A viaxe de mamá» e «Mientras tú duermes» (Premio Silent Book 2015), neste libro de cartón para pre-lectores e primeiros lectores a autora volve centrarse na familia.

Xunto coa aprendizaxe dos primeiros números, «Polo camiño» tamén contribúe ao coñecemento de distintos alimentos e dalgunhas calidades que caracterizan a quen os porta. O intenso colorido das ilustracións é outro dos alicientes desta divertida proposta de lectura, con figuras dinámicas, expresivas e recoñecibles.



■ **Temática:** poema infantil.

■ **Idade recomendada:** prelectores e primeiros lectores.

■ **Aspectos destacables:** libro de cartón; familia, fauna, natureza; números, alimentos; poesía, ritmo, musicalidade; ledicia colectiva, celebración festiva, amizade; da autora de «Mamá» (VI Premio Compostela), «A viaxe de mamá», «Mientras tú duermes» (Premio Silent Book 2015) e «La noche en el bolsillo» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/polo-caminho-g>

Mariana Ruiz Johnson

(Bos Aires, 1984)

Estudou Artes Visuais no Instituto Universitario Nacional de Arte, en Bos Aires. Formouse na escola Sótano Blanco co ilustrador colombiano José Sanabria e asistiu a obradoiros de ilustración en Europa. Ademais do VI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado 2013 por «Mamá» (KALANDRAKA), en 2009 foi finalista do Premio A la Orilla del Viento de Fondo de Cultura Económica e no 2015 gañou o Silent Book Contest con «Mientras tú duermes». Publicou numerosos libros con editoriais latinoamericanas, europeas e asiáticas.

<https://marianaruizjohnson.wordpress.com>

<https://www.instagram.com/marianaruizjohnson>

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com